



XII Unificación de Criterios I-SAP e IX Curso de Podoloxía Bovina

Os días 29 de febreiro e 1 e 2 de marzo levouse a cabo unha nova edición do Curso I-SAP de Unificación de criterios e Saúde Podal, así como o noveno Curso de Podoloxía Bovina, organizado por Conafe e APPB conxuntamente, en Cantabria e no País Vasco. Nas seguintes liñas describimos o que deu de si este evento, que se despediu ata o vindeiro ano con gran satisfacción polo interese mostrado por todos os participantes en cada unha das actividades.



José María García Nieto
Presidente da APPB

Ademais de seguir traballando na unificación de criterios para que á hora de recoller datos todos o fagamos do mesmo modo, en vista da crecente robotozación das granxas, tamén decidimos dedicarlle este curso aos posibles problemas vencellados ás instalacións e manexos que nestes novos sistemas se necesitan para o seu óptimo funcionamento, así

como os pros e contras e como podemos pórles solución.

PRIMEIRA XORNADA: UNIFICACIÓN DE CRITERIOS E ASSEMBLEA DA APPB

O curso arrincou o xoves pola tarde coa participación na unificación de criterios dos formadores I-SAP Manuel Vidal Barrera, Miguel Ángel García Rodríguez, Luís Mariñelarena, Diego Sanmartín, Javier Sáez, Juan Sánchez López, Manuel Codesido, Ángel Tomás Caravaca e José M.^a García, onde se debateu sobre as lesións ata chegar a consenso, que logo lles trasladaron

aos demais participantes do curso; así mesmo, contamos coa presenza de Piet Kloosterman como profesor e, a última hora da tarde, realizouse a asemblea ordinaria anual da APPB.

SEGUNDA XORNADA: CHARLAS MATUTINAS E TARDES PRÁCTICAS

O venres día 1 dedicouse a mañá a charlas en sala. **Piet Kloosterman** empezou coa revisión das lesións infecciosas abordando todo o necesario para o control destas mediante o recorte preventivo e os protocolos de prevención.

► DECIDIMOS DEDICAR ESTE CURSO AOS POSIBLES PROBLEMAS VENCELLADOS ÁS INSTALACIÓNS E MANEXOS QUE NESTES NOVOS SISTEMAS SE NECESITAN PARA O SEU ÓPTIMO FUNCIONAMENTO, ASÍ COMO OS PROS E CONTRAS E COMO PODEMOS PÓRLLES SOLUCIÓN

Seguidamente, **Javier Ferrer** presentounos os produtos sen antibióticos que Intracare dispón tanto para o tratamento das lesións podais non infecciosas coma para as infecciosas e mesmo a súa utilidade nas dermatites dos ubres, algo que nós podemos detectar moi ben no poldro, ►



Fotos: Conafe

MÁS TRACCIÓN — SIEMPRE

TRAXION^{OPTIMALL}



VREDESTEIN TRAXION OPTIMALL

- ✓ Consumo de carburante específico
- ✓ Rendimiento por superficie
- ✓ Comportamiento de K/deslizamiento

Informe de ensayo DLG 6800

MÁS INFORMACIÓN:





VREDESTEIN

TYRES

e que, cun tratamento temperán e sistemático, se poden curar.

Pola súa banda, **Etienne Auffray** (Mixscience) deunos a coñecer un produto novo para a prevención da dermatite, bacterias que, aplicadas na parte dixital dos pezuños quedan ocupando ese espazo e son capaces de combater treponemas (dermatite).

O cuarto participante foi **Juan José Núñez** (MSD Animal Health), quen falou dos avances e beneficios dos colares ou pendentes de monitorización como ferramenta para o diagnóstico de coxeiras. Nos últimos anos, estes sistemas de monitorización evolucionaron moito, proporcionándonos moita información, que, cunha boa interpretación, nos axudan moito no noso traballo.

A penúltima intervención estivo a cargo do representante da empresa Lely, **Telmo Entrecanales**, o cal nos amosou os seus sistemas de baño de pezuños para a prevención da dermatite, deixando claro que os pediluvios á saída do robot non teñen por que ser un problema, os robots de limpeza e os seus últimos avances e tamén a tranquilidade que xera o tráfico libre para as nosas vacas.

A sesión matutina deu fin coa presenza de **Ángel Tomás Caravaca** e **Juan José Sánchez**, membros do (GT-FEPYBA), os cales comentaron o estado actual da guía do podólogo e as súas novidades e correccións, dándolles un repaso a algunhas das lesións máis comúns.

Sesión vespertina de obradoiros

A sesión práctica da tarde en SAT Arronte constou de tres estacións de traballo: unha, recorte de pezuños, onde os formadores explicaron a técnica de recorte e os pasos a seguir, os asistentes tiveron a oportunidade de práctica para a proba avaliada do sábado.

A segunda, coordinada por **Arturo Gómez** (Zinpro), preparounos un estupendo taller práctico sobre alimentación, transición, instalacións e o manexo destas, o cal que tivo moito éxito entre os participantes do curso. O enfoque e a sinxeleza coa que Arturo explica as cousas fai que sexa fácil de seguir e divertido ao mesmo tempo.

No terceiro taller vimos como un bo manexo sen estrés das vacas fai que elas estean máis tranquilas á



Ángel Tomás Caravaca (GT-FEBYBA)



Arturo Gómez (Zinpro)



Juan José Sánchez (GT-FEBYBA)



Etienne Auffray



Guiomar Aguilar (Lely)



Luis Mariñelarena



Nesta edición contamos coa presenza de Piet Kloosterman



Javier Sáez



www.revistafrisona.com

Fotos: Conafe

▶ A ESTACIÓN DE INTERCAMBIO DE COÑECEMENTOS FOI UNHA DAS ESTACIÓNS CON MAIOR ÉXITO DO CURSO, ONDE DOUS DOS FORMADORES, LUIS MARIÑELARENA E JAVIER SÁEZ, MOSTRARON CASOS PRÁCTICOS E CURIOSOS DO SEU DÍA A DÍA, CONSELLOS, COLOCACIÓN DE POLDRO ETC.



hora de movelas. **Gilles Hugon**, podólogo francés, mostrounos coas súas habilidades como actuar para conseguir de forma o máis tranquila posible levar unha vaca ao poldro e que, ademais, o resto das vacas non se estrese.

TERCEIRA XORNADA: SEIS ESTACIÓNS DE TRABALLO

O sábado 2 de marzo organizáronse seis estacións de traballo polas que se foi rotando en pequenos grupos, dúas delas avaliadas, recorte e *kahoot*. Leváronse a cabo dúas estacións de recorte funcional e cada unha delas contaba con dous formadores. Todos os participantes recortaron dous pezuños por poldro e foron avaliados nos dous poldros. O recorte esixido aos participantes é o modelo APPB recorte descrito polo grupo de traballo (G-T FEPEYA).

Na estação de manexo, ese día varios dos participantes tiveron a oportunidade de demostrar as súas habilidades manexando e tranquilizando animais ata mesmo conseguir separar un do grupo e tocar o seu lombo sen causar estrés.

Etienne Auffray ofrece unha demostración práctica de como preparar e aplicar as bacterias nas patas para a prevención da dermatite.

Guiomar Aguilar (Lely) mostrou os datos que podemos ver nos robots e a utilidade que poden ter para nós os podólogos; así mesmo, levou a cabo un *kahoot* de identificación de lesións e severidade tamén avaliado.

Foi unha estación moi divertida pola competitividade dos seus participantes e moi interesante pola importancia da unificación de criterio á hora de recoller datos.

A estación de intercambio de coñecementos foi unha das estacións con maior éxito do curso, onde dous dos formadores, **Luis Mariñelarena** e **Javier Sáez**, mostraron casos prácticos e curiosos do seu día a día, consellos, colocación de poldro etc. Xerouse moito debate en cada diapositiva, chegando a conclusións entre todos. Sen dúbida, un taller que repetiremos para o vindeiro I-SAP 2025.

PODIO DO CONCURSO DE RECORTE

Os triunfadores desta edición foron os seguintes:

- 1.º posto: Manuel Iglesias Suárez
(Seragro)
2.º posto: Javier Fernández López
(Seragro)
3.º posto: José Francisco González
Fernández (Seragro)

AGRADECIMENTOS

Desde a dirección da APPB queremos agradecer enormemente a boa acollida que tivemos por parte de colaboradores e do comité local organizativo do curso: Granja Arrabal (Cantabria), SAT Arronte (Cantabria) e Ganadería Los Tejos (Biscaia), así como ao grupo de comité local: Iker Eletxiguerra (Hergueta) e Francisco Díez (Buitras), e Martín Ruiz, e a todos os patrocinadores. ■



Fotos: Conafe